



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

# RELATÓRIO DE ESTATUTOS PARA O V CONGRESO NACIONAL DA CIG-SERVIZOS

(COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

**V CONGRESO NACIONAL**

CIG-Servizos · Compostela, 10 de abril de 2010

**OBREIRA É A NOSA CLASE,  
GALEGA É A NOSA LINGUA**



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

**Non ao recorte dos dereitos laborais**



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

# RELATORIO DE ESTATUTOS PARA AS SESIÓNS DO V CONGRESO NACIONAL DA CIG-SERVIZOS

(COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

## TÍTULO I. DA DEFINICIÓN, ÁMBITO E OBXECTIVOS

**Artigo 1.-** A FEDERACIÓN DE SERVIZOS da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, en siglas CIG-SERVIZOS, é unha organización creada polos traballadores e traballadoras de Galiza da FEDERACIÓN DE SERVIZOS, en tódalas ramas de Comercio, do Têxtil, do Metal, da Pel, do Vidro Plano, de Materiais de Construción, de Mobles e de Alimentación, Drogarías, Farmacias, Bazares, Floristerías, Librerías, Hostalería, Axencias de Viaxe, Medios de Comunicación Públicos e Privados, Estudios Fotográficos, Cine, Teatro, Músicos, Espectáculos, Dobrax e Son, Deportes, Bibliotecas, Museos, Salas de Xogo, Casinos, Administracións de Loterías, Perruquerías, Tinturerías, Lavanderías, Limpeza, Predios Urbanos, Pompas Fúnebres, Xardinería, Clubes e Sociedades Recreativas, Seguridade Privada, Empregadas/os de Fogar, Residencias Privadas da 3ª Idade, Grandes Almacéns, Vixiantes de Parquímetros, Distribución de Butano, Axuda a Domicilio, Plantas de tratamento de RSU e outras ramas similares, así como aquelas empresas de servizos que xestionen servizos públicos.

**Artigo 2.-** A CIG-SERVIZOS é ~~unha organización sindical~~ un sindicato integrado na CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG), aceptando os seus estatutos.

**Artigo 3.-** A CIG-SERVIZOS establece o seu enderezo onde corresponda o Secretario/a Nacional, sen prexuízo de que no futuro os órganos de dirección da Federación poidan decidir o seu cambio.

**Artigo 4.-** A CIG-SERVIZOS ten como ámbito territorial o da Nación Galega, constituíndose por tempo indefinido.

**Artigo 5.-** A CIG-SERVIZOS ten como obxectivo a defensa dos intereses profesionais, económicos, sociais e mesmo culturais dos traballadores e traballadoras do sector enmarcados nos intereses e aspiracións xerais da clase traballadora e na loita pola súa emancipación e o Socialismo. Mesmamente a CIG-SERVIZOS asume a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a súa autodeterminación como Nación, así como, das liberdades individuais e colectivas e os valores democráticos que tratará sempre de profundizar e ampliar. A CIG-SERVIZOS procurará a constante mellora da calidade de vida e o propio benestar dos traballadores e traballadoras, asume a reivindicación de igualdade real entre o home e a muller e a paz entre os pobos e nacións e a participación de tódolos cidadáns en tódolos bens que eles mesmos crean. A Federación de Servizos é soberana e independente e decide tódalas cuestións que lle afecten sen inxerencia algunha, salvo as establecidas nos Estatutos da Confederación. A CIG-SERVIZOS garante a liberdade de expresión e pensamento, se é o caso, sen ~~restrición de ningunha clase~~ máis restrición que o respecto a estes Estatutos e aos principios e estatutos da CIG, sendo a libre circulación de ideas un principio inviolable da Federación e dos seus afiliados e afiliadas, que non poderán ser discriminados por razón de orixe, credo, pensamento ou filiación política.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

## 1 TÍTULO II. DA CONDICIÓN DE AFILIADA OU AFILIADO

### 2 CAPÍTULO I

3 **Artigo 6.-** A condición de afiliado ou afiliada á CIG-SERVIZOS leva implícita a afiliación á  
4 CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA.

5 **Artigo 7.-** A CIG–SERVICIOS ten personalidade xurídica propia e de plena capacidade de obrar, necesaria  
6 para o cumprimento dos seus fins.

7 Poderán afiliarse á CIG–SERVICIOS tódolos traballadores e traballadoras de Galiza, independentemente da  
8 súa situación laboral como activos, parados e paradas, xubilados e xubiladas ou pensionistas, que presten  
9 os seus servizos, prestáranos ou soliciten prestalos nas ramas pertencentes ás actividades nomeadas no  
10 artigo 1º destes Estatutos.

11 As traballadoras e traballadores autónomos, así como os socios e socias de cooperativas, sociedades e de  
12 sociedades anónimas laborais ou asimiladas que non teñan traballadoras ou traballadores asalariados ao  
13 seu cargo, poderán participar na CIG–SERVICIOS nos termos que determine a Consello Nacional da  
14 Federación. Igualmente aprobará a fórmula de adhesión especial con que poidan vincularse as  
15 traballadoras e traballadores galegos residentes no exterior.

16 **Artigo 8.-** A solicitude de afiliación farase ~~nos locais~~ nas dependencias da CIG–SERVICIOS, nas Seccións  
17 Sindicais de Empresa, ou no seu defecto nos locais da CIG.

18 **Artigo 9.-** A condición de afiliada ou afiliado produce efectos desde o día seguinte ao da formalización da  
19 ficha de afiliación, que se entenderá realizada no momento da asignación dun número de afiliación, aínda  
20 que o exercicio dos dereitos de acceso ós servizos técnicos e de participación en eleccións internas non se  
21 poderá reclamar ata que transcorran tres meses desde aquela data e se satisfagan as cotas  
22 correspondentes a ese período.

23 **Artigo 10.-** A afiliada ou afiliado poderá causar baixa na CIG–SERVICIOS polas seguintes causas:

24 a) A petición propia.

25 b) Por non aboar a cota nos tres primeiros meses desde a formalización da ficha de afiliación.

26 c) Por non aboar a cota durante seis meses sen alegación dunha causa xustificada; neste caso poderá  
27 producirse o reingreso sen perda dos dereitos de antigüidade tras pagamento previo das cotas que se  
28 deban e sempre que non transcorresen máis de doce meses.

29 d) Por deixar de reunir as condicións requiridas nos artigos 6 e 7 destes Estatutos.

30 e) Por sanción. A reincorporación á CIG–SERVICIOS de quen causase baixa por sanción requirirá o  
31 informe favorable previo da Consello Nacional.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

- 1 f) Por suspensión definitiva dos dereitos como afiliada ou afiliado, en resolución validamente  
2 adoptada polo organismo correspondente.

### 3 **CAPÍTULO II. DO RÉXIME DE DEREITOS E DEBERES**

4 **Artigo 11.-** Son dereitos dos afiliados e afiliadas á CIG–SERVICIOS, os seguintes:

- 5 a) Participar na CIG–SERVICIOS en igualdade de condicións que os demais membros.  
6 b) Garantía da súa liberdade de expresión interna e de respecto ás súas ideas.  
7 c) Elixir e ser elixido para calquera cargo ou para calquera ámbito de representación.  
8 d) Ser axudado en caso de represión por pertencer á CIG–SERVICIOS ou polo exercicio da actividade  
9 sindical.  
10 e) Utilizar os servizos técnicos e locais dos que dispoña a CIG–SERVICIOS.  
11 f) Estar permanentemente informado dos dereitos e obrigas.

12 **Artigo 12.-** Son deberes dos afiliados e afiliadas á CIG–SERVICIOS os seguintes:

- 13 a) Aboar e ter ao día o pago das cotas legal e estatutariamente establecidas.  
14 b) Respetar os Estatutos, os regulamentos e programas da CIG–SERVICIOS e da Confederación.  
15 c) Respetar as decisións democraticamente adoptadas, recoñecéndose o dereito a manter a súa  
16 opinión.  
17 d) Participar, na medida das súas posibilidades, nas actividades da CIG–SERVICIOS.  
18 e) Asistir ás xuntas que se lle convoque.  
19 f) Calquera outro deber que se poida acordar.

### 20 **CAPÍTULO III. DO RÉXIME DE GARANTÍAS E SANCIÓN**

21 **Artigo 13.-** O réxime de garantías e sancións para afiliadas e afiliados da CIG–SERVICIOS serán os  
22 mesmos que os que estean contemplados para o conxunto da afiliación nos Estatutos da CIG.

### 23 **CAPÍTULO IV. DO RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES**

24 **Artigo 14.-** a) O cargo de Secretaria ou Secretario Nacional da CIG–SERVICIOS é incompatible con:

- 25 - Secretaría Xeral, Presidencia ou cargos asimilados dunha organización política.  
26 - Parlamentario/a, Alcalde, Alcaldesa ou Concelleiro/a.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

- 1 - Cargo público de libre designación en calquera administración pública.
- 2 - Pertenza ou participación nas xerarquías de calquera confesión relixiosa.
- 3 - Realización de calquera tipo de asesoramento ao servizo de asociacións empresariais.
- 4 - Vinculación empresarial con contrato de alta dirección.
- 5 - Participación en candidaturas das organizacións políticas nas eleccións locais, galegas, estatais ou
- 6 europeas.

7 b) O desempeño de cargos ou responsabilidades nos órganos executivos da CIG–SERVICIOS –Executiva  
8 Nacional e Executiva Comarcal- é incompatible co desempeño de cargos individuais de idéntico ámbito e  
9 función dunha organización política, así como exercer de portavoz público das mesmas.

10 Así mesmo, é incompatible coa impartición de cursos retribuídos en FORGA. Esta incompatibilidade  
11 estenderase a tódalas persoas que realicen funcións de liberados ou liberadas da CIG–SERVICIOS, así  
12 como a todas aquelas persoas que, independentemente da función que desempeñen, perciban retribucións  
13 da CIG–SERVICIOS.

14 c) A condición de liberado/a asalariado da CIG–SERVICIOS é incompatible con ocupar cargos políticos  
15 institucionais de elección ou designación pública.

16 d) Ningún organismo ou cargo unipersonal da CIG–SERVICIOS, en canto a tal, poderá apoiar candidaturas  
17 ás diferentes eleccións que se realicen internamente na Federación.

18 **Artigo 15.-** O exercicio de responsabilidades de membros da Executiva Federal, é incompatible co  
19 exercicio de calquera outro cargo que implique a pertenza ao Secretariado Federal. Igualmente, a  
20 pertenza á Executiva Federal é incompatible co desempeño de responsabilidades de Secretario/a Comarcal  
21 da CIG, ou de Secretario/a de Unión Local da CIG.

## 22 **TÍTULO III. DA ORGANIZACIÓN**

23 **Artigo 16.-** Territorialmente a CIG–SERVICIOS organizase en estruturas comarcais, seguindo o criterio de  
24 asegurar a afinidade xeográfica e a operatividade sindical.

25 **Artigo 17.-** Consideraranse constituídas as seguintes comarcas:

- |               |                       |
|---------------|-----------------------|
| 26 - Vigo     | - Ferrol              |
| 27 - A Coruña | - Ourense             |
| 28 - Santiago | - Pontevedra          |
| 29 - Lugo     | - <del>A Mariña</del> |



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 **Artigo 18.-** A sección sindical é a estrutura básica organizativa da Federación. Este composta polas  
2 afiliadas e afiliados nunha empresa ou centro de traballo. Crearase un rexistro de seccións sindicais  
3 constituídas. A súa regulación e funcionamento será a ~~mesma que se contempla nos Estatutos da~~  
4 ~~Confederación~~ establecida na Disposición Adicional 3º dos presentes estatutos.

5 **Artigo 19.-** Dado que a CIG–SERVICIOS está composta por subsectores de importante representación e  
6 para unha mellor coordinación interna no referente á negociación colectiva, eleccións sindicais ou conflitos  
7 sindicais que afecten a máis dunha empresa ou comarca, previa solicitude dos mesmos e coa aprobación  
8 da Executiva Nacional e Comarcal, poderanse constituír Grupos de Traballo que dependerán a tódolos  
9 efectos (planos de traballo, acción sindical, organización, presuposto, etc.) dos distintos organismos  
10 estatutarios nacionais e comarcais. A tal fin, tanto a Executiva Nacional como as Executivas Comarcais,  
11 incluírán dentro das responsabilidades dunha das secretarías a coordinación dos devanditos grupos de  
12 traballo.

13 No mesmo senso, e cumprindo tódolos requisitos anteriores, poderán organizarse as Seccións Sindicais  
14 nas empresas con Comité provincial que afecten a provincias con máis dunha comarca.

## 15 **TÍTULO IV. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### 16 **CAPÍTULO I. DOS ÓRGANOS FEDERAIS**

17 **Artigo 20.-** No ámbito nacional, son órganos de representación, administración e goberno da CIG–  
18 SERVICIOS, os seguintes:

- 19 - O Congreso
- 20 - O Consello Nacional
- 21 - O Secretariado Federal
- 22 - A Executiva Nacional

23 **Artigo 21.-** O Congreso é o órgano soberano da Federación. A súa composición será fixada polo Consello  
24 Nacional con suficiente antelación, seguindo criterios de proporcionalidade en base ao número de afiliadas  
25 e afiliados.

26 A participación no Congreso será mediante afiliados e afiliadas elixidos nas distintas Comarcas e empresas  
27 seguindo criterios de proporcionalidade.

28 Os membros do Consello Nacional serán membros natos do Congreso.

29 **Artigo 22.-** O Congreso convocarase con carácter ordinario polo Consello Nacional, polo menos unha vez  
30 cada catro anos. A convocatoria farase con seis meses de antelación e notificarase por escrito ás Unións  
31 Comarcais. O funcionamento do Congreso axustarase ao regulamento que, elaborado pola Consello  
32 Nacional, será aprobado polo propio Congreso.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 **Artigo 23.-** O Congreso da CIG–SERVIZOS ten as seguintes competencias:

2 a) Aprobar ou reformar os estatutos e o programa.

3 b) Analizar a xestión dos órganos de goberno da Federación a nivel nacional.

4 c) Coñecer e aprobar o estados de contas.

5 d) Definir as orientacións básicas da política da Federación a nivel nacional.

6 e) Elixir Secretaria ou Secretario Nacional e a Executiva Nacional.

7 f) Coñecer e decidir todas aquelas cuestións que os Estatutos e Regulamentos expresamente lle  
8 atribúan e aquelas outras que se sometan respectando os Estatutos.

9 g) Ratificar a admisión de colectivos na CIG–SERVIZOS.

10 h) A elección dos membros do Consello Confederal que correspondan á CIG–SERVIZOS.

11 **Artigo 24.-** Poderá convocarse un congreso con carácter extraordinario. A súa convocatoria deberá estar  
12 avalada por 2/3 dos membros do Consello Nacional, 1/3 da afiliación total, ou ben por 2/3 da afiliación  
13 representada a través dos diferentes organismos. Entre a convocatoria, que deberá facerse por escrito, e  
14 a celebración, non poderán transcorrer menos de dous meses, nin máis de seis meses. O Congreso  
15 Extraordinario so poderá tratar os temas polos que foi convocado.

16 **Artigo 25.-** O Consello Nacional é o órgano máximo entre congresos e estará constituído por:

17 a) A Executiva Nacional.

18 b) Os representantes elixidos polas asembleas comarcais, a razón de un por cada ~~250~~ 400 afiliados e  
19 afiliadas ou fracción superior a ~~400~~, 150, incluído o Secretario ou Secretaria Comarcal. Tódalas comarcas  
20 constituídas deberán contar con representación.

21 c) Transitoriamente, mentres non se celebren as Asembleas Comarcais da Federación, formarán parte  
22 do Consello Nacional os/as actuais membros. De tódolos xeitos, a 31 de decembro de ~~2006~~ 2010 tódalas  
23 comarcas deberán ter adaptada a súa representación á proporcionalidade que se establece neste artigo, e  
24 tomando como referencia o mesmo período de cómputo utilizado para a celebración do ~~IV~~ V Congreso.

25 **Artigo 26.-** O Consello Nacional reunirase ordinariamente cada tres meses a convocatoria da Executiva  
26 Nacional, a cal igualmente tramitará as convocatorias extraordinarias oportunas por propia iniciativa ou  
27 por acordo de 2/3 da Executiva Nacional ou 1/3 do Organismo. Os acordos tomaranse por maioría simple,  
28 agás naqueles casos nos que os Estatutos esixan maioría cualificada.

29 **Artigo 27.-** As competencias do Consello Nacional son:

30 a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento, por maioría de 2/3 dos membros asistentes.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

- 1 b) Convocar o Congreso e aprobar o regulamento para o período congresual, tendo este último que  
2 contar co acordo de 2/3 dos membros asistentes.
- 3 c) Elaborar informes, ponencias e propostas para ser debatidas no Congreso.
- 4 d) Convocar, por acordo da maioría absoluta dos membros asistentes, Conferencia Sindical Nacional,  
5 ós membros dos distintos órganos de dirección das unións comarcais, establecéndose o seu obxecto no  
6 mesmo acordo de convocatoria.
- 7 e) Nomear Comisións de Traballo para o que estime oportuno.
- 8 f) Examina-la xestión da Executiva Nacional.
- 9 g) Adoptar resolucións de urxencia sen contradicir ao Congreso.
- 10 h) Marcar as liñas de actuación sindical na Negociación Colectiva.
- 11 i) Aprobar os presupostos económicos anuais.
- 12 j) Nomear, ou ratificar, ás persoas que teñan que representar á CIG–SERVICIOS, en calquera  
13 organismo, sexa este interno ou externo da Confederación.
- 14 k) Nomear, transitoriamente, o órgano xestor dunha estrutura territorial cando, por dimisión ou falta  
15 de elección, non exista órgano de dirección da mesma.
- 16 l) Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Consello Nacional nos estatutos ou  
17 regulamentos.
- 18 m) Coordinar as relacións sindicais e políticas, institucionais e internacionais da CIG–SERVICIOS.
- 19 n) Ratificar, ou non, calquera proposta da Executiva Nacional relativas a necesidades de persoal  
20 previamente ao seu tratamento no Secretariado Confederal da CIG.
- 21 **Artigo 28.-** O Secretariado Federal estará formado pola Executiva Nacional e os Secretarios ou  
22 Secretarias Comarcais.
- 23 Reunirase, como mínimo, cada dous meses por convocatoria da Executiva Nacional ou dun terzo dos seus  
24 membros.
- 25 **Artigo 29.-** As competencias do Secretariado Federal son:
- 26 - Coordinar a actividade sindical.
- 27 - Facer seguimento dos acordos do Consello Nacional.
- 28 - Compaxinar as distintas campañas que se programen a nivel nacional.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 - Facer o seguimento da negociación colectiva, a formación, a saúde laboral e do traballo  
2 participativo.

3 - Supervisar o labor dos grupos de traballo.

4 - Coordinar o traballo planificado nas eleccións sindicais.

5 - Calquera outra función que así se acorde no Consello Nacional.

6 **Artigo 30.-** A Executiva Nacional está composta por 9 membros elixidos polo Congreso Nacional, debendo  
7 ter tódolos seus membros unha responsabilidade específica.

8 Dentro da Executiva deberán existir obrigatoriamente a Secretaría Nacional, a de Organización, a de  
9 Negociación Colectiva, a de Finanzas e a de Igualdade. O resto de Secretarías, ata acadar o total de nove,  
10 serán establecidas polo Consello Nacional da Federación, a proposta da Executiva Nacional.

11 A Executiva Nacional elaborará un Regulamento de Funcionamento que recollerá as competencias de cada  
12 Secretaría. Este Regulamento deberá ser aprobado polo Consello Nacional da Federación.

13 **Artigo 31.-** A Executiva Nacional reunirse ordinariamente con carácter mensual por convocatoria do  
14 Secretario ou Secretaria Nacional, que convocará sesións extraordinarias por propia iniciativa ou a  
15 instancia dun terzo dos membros do organismo.

16 **Artigo 32.-** A Executiva Nacional exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica e  
17 legal da CIG–SERVIZOS, podendo delegar no Secretario ou Secretaria Nacional estas facultades, aos  
18 únicos efectos de outorgamento de poderes. Ten, ademais, as seguintes competencias:

19 a) Representación da CIG–SERVIZOS entre sesións da Consello Nacional.

20 b) Relacións exteriores e interiores, así como coa CIG.

21 c) Elaborar publicacións e propaganda a nivel nacional.

22 d) Decidir sobre cuestións urxentes que se presenten entre reunións do Consello Nacional.

23 e) Dirixir as xestións das finanzas.

24 f) Dirixir e xestionar a política da CIG–SERVIZOS en materia de formación e emprego.

25 g) Presentar un informe de xestión ao Congreso.

26 h) Propoñer aos organismos as propostas que estime oportunas.

27 i) Nomear aos membros das Comisións de Traballo que fosen creadas polo Consello Nacional.

28 j) Coordinar tódolos órganos da CIG–SERVIZOS para garantir o seu funcionamento orgánico.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 k) As que lle sexan delegadas polo Consello Nacional ou atribuídas por estes Estatutos.

2 l) En representación da Executiva Nacional, as contas serán asinadas mancomunadamente polo  
3 Secretario ou Secretaria Nacional e o Secretario ou Secretaria de Finanzas.

4 **Artigo 33.-** O Secretario ou Secretaria Nacional é un cargo unipersoal elixido en Congreso, será o  
5 representante público da CIG–SERVICIOS, impulsa e coordina o traballo dos organismos nacionais e  
6 preside as sesións da Executiva Nacional, do Secretariado Federal e do Consello Nacional.

7 **Artigo 34.-** No caso de resultar vacante o cargo de Secretario ou Secretaria Nacional, o Consello Nacional  
8 deberá decidir por maioría de 2/3 a forma de substitución ata a realización do seguinte Congreso.

9 **Artigo 35.-** A Asemblea da Unión Comarcal é o máximo órgano da CIG–SERVICIOS na comarca que se  
10 reunirá unha vez cada catro anos e sempre que sexa convocada pola Executiva Comarcal ou a solicitude  
11 de 1/3 dos afiliados e afiliadas.

12 **Artigo 36.-** Son funcións e facultades da Asemblea Comarcal:

13 a) A elección da Executiva Comarcal, do Secretario ou Secretaria Comarcal e dos representantes da  
14 Unión Comarcal no Consello Nacional ~~e no Congreso~~.

15 b) Analizar e pronunciarse sobre a xestión da Executiva Comarcal.

16 c) Debater e resolver as cuestións que afecten á Unión Comarcal que lle sexan plantexadas.

17 d) Nomear ós seus representantes na Dirección Comarcal da CIG.

18 **Artigo 37.-** A proposta do organismo convocante da Asemblea Comarcal, poderase constituír unha  
19 Dirección Comarcal que terá a condición de órgano máximo da Comarca entre congresos e estará  
20 constituído por:

21 a) A Executiva Comarcal.

22 b) Un membro por cada Sección Sindical, sempre e cando igualem ou superen a fracción de un.

23 c) A totalidade dos membros, non poderá superar o número de vintedous en total.

24 d) O resto dos membros da Dirección Comarcal serán elixidos entre o resto da afiliación en base á  
25 afiliación existente sempre e cando teña as súas cotas ao día.

26 **Artigo 38.-** Son competencias da Dirección Comarcal as seguintes:

27 a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento, por maioría de 2/3 dos membros asistentes.

28 b) Convocar Asemblea comarcal e aprobar o regulamento para o período congresual, tendo este último  
29 que contar co acordo de 2/3 dos membros asistentes.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

- 1 c) Elaborar informes, ponencias e propostas para ser debatidas na Asemblea.
- 2 d) Convocar, por acordo da maioría absoluta dos membros asistentes, Conferencia Sindical Comarcal,  
3 que ten carácter de deliberante e estará composta polos membros da Dirección Comarcal máis un  
4 representante por cada 100 afiliados ou fracción superior a 50.

5 **Artigo 39.-** A Executiva Comarcal é o órgano de goberno ordinario da CIG–SERVICIOS na comarca, e  
6 estará composta por un número de entre cinco e trece membros.

7 **Artigo 40.-** Son funcións e facultades da Executiva Comarcal:

- 8 a) Coordinar o traballo sindical na comarca.
- 9 b) A convocatoria de asembleas de delegados e delegadas de Seccións Sindicais e de Comités de  
10 Empresa e Delegados e Delegadas de Persoal na comarca.
- 11 c) A xestión das finanzas na comarca.
- 12 d) A Negociación Colectiva.
- 13 e) Todas aquelas da Dirección Comarcal, no caso de que esta non exista.

14 **Artigo 41.-** O Secretario ou Secretaria Comarcal é o órgano cargo unipersoal de representación pública  
15 da Unión Comarcal elixido pola asemblea comarcal de entre os membros da Executiva Comarcal, e  
16 coordina a actividade da Executiva Comarcal, e da Dirección Comarcal, se é o caso.

17 **Artigo 42.-** En caso de vacante no cargo de Secretario ou Secretaria Comarcal, decidirá a Executiva  
18 Comarcal, ou a Dirección Comarcal, se é o caso, un novo nomeamento de entre os membros da Executiva  
19 Comarcal ata a realización da seguinte Asemblea Comarcal.

20 **Artigo 43.-** A Sección Sindical de Empresa estará composta polos afiliados e afiliadas da CIG–SERVICIOS  
21 no ámbito da empresa e constitúe a organización base do sindicato.

22 As funcións da Sección Sindical serán as seguintes:

- 23 a) Organizar aos traballadores e traballadoras da empresa baixo as siglas da CIG–SERVICIOS para a  
24 defensa das súas reivindicacións e dereitos.
- 25 b) A Acción Sindical e a Negociación Colectiva na empresa.
- 26 c) Notificar ao Secretario ou Secretaria Comarcal os delegados ou delegadas da Sección Sindical para  
27 representar ao sindicato diante da empresa, así como, do inicio e evolución da negociación colectiva na  
28 mesma.
- 29 d) Elaborar as candidaturas para as eleccións sindicais que serán comunicadas á Executiva Comarcal.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

- 1 e) Levar a política sindical da CIG–SERVIZOS e da CIG á empresa.
- 2 f) Dotarse dos órganos de dirección que estime convenientes.
- 3 g) Elixir ao Secretario ou Secretaria da Sección Sindical.

#### 4 **CAPÍTULO II. DAS NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO**

5 **Artigo 44.-** As reunións de calquera organismo dos regulados nestes estatutos consideraranse  
6 validamente constituídas cando asistan a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria ou  
7 un terzo en segunda, unha hora máis tarde, sempre que fose convocada no tempo e na forma regulada  
8 nas normas de funcionamento que lle sexan de aplicación, cun mínimo de 48 horas.

9 **Artigo 45.-** Os acordos dos órganos da CIG-SERVIZOS adoptaranse sempre por maioría simple dos  
10 membros asistentes, con excepción daqueles asuntos para os que os estatutos ou os seus regulamentos  
11 prevexan unha maioría cualificada específica.

12 **Artigo 46.-** De cada reunión dos organismos da CIG-SERVIZOS redactarase acta na que constarán os  
13 asistentes e os acordos adoptados, con expresión, se é o caso, das votacións realizadas e das posicións  
14 particulares sempre que así o solicite o interesado ou interesada e as achegue por escrito no mesmo acto  
15 da reunión.

16 As actas dos organismos nacionais seranlles remitidas aos órganos de dirección das comarcas así como  
17 ás/aos membros do Consello Nacional.

18 As actas dos organismos das estruturas comarcais, así como as das comisións criadas no ámbito nacional,  
19 se é o caso, seranlle remitidas á Executiva Nacional. Para estes efectos, terán a mesma consideración os  
20 documentos oficiais que as estruturas nacionais e comarcais vaian debater nos seus respectivos congresos  
21 e/ou asembleas e os que resulten finalmente aprobados nestes.

22 **Artigo 47.-** A pertenza a un órgano de dirección da CIG-SERVIZOS implica o cumprimento da obriga de  
23 asistencia así como o particular respecto do réxime de incompatibilidades regulado nestes estatutos. A  
24 non observancia de tales obrigas leva aparellada a baixa no organismo correspondente, logo de  
25 comunicación previa á persoa afectada, aínda que a obriga de asistencia se considera incumprida cando se  
26 reitere por tres veces consecutivas sen xustificación.

#### 27 **CAPÍTULO III. DO RÉXIME ELECTORAL**

28 **Artigo 48.-** Todos os cargos unipersoais da CIG-SERVIZOS serán electos en votación directa e individual,  
29 nos seus respectivos congresos e/ou asembleas.

30 **Artigo 49.-** Como norma xeral, os procesos electivos para os órganos de goberno da CIG-SERVIZOS  
31 regularanse polo disposto nestes estatutos. Poderanse establecer procedementos electorais específicos  
32 cando así o prevexan os regulamentos que desenvolven estes estatutos sempre que non contradigan os  
33 mínimos que aquí se establecen.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 **Artigo 50.-** Todos os cargos da CIG-SERVIZOS se proverán mediante votación secreta e persoal. En  
2 casos determinados poderase admitira votación amanalzada cando así o considere unha maioría de dous  
3 terzos dos membros asistentes do órgano elector, aínda que ese acordo será ineficaz cando calquera dos  
4 membros reclame o exercicio do dereito á votación secreta.

5 **Artigo 51.-** A elección de órganos e cargos farase mediante a presentación de candidaturas en listas  
6 pechadas, que deberán conter cando menos o número de persoas de que se compoña o organismo. É  
7 responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente no ámbito en que se produce a elección  
8 a presentación dunha candidatura, cumpríndose para estes exclusivos efectos as seguintes regras:

9 Nos congresos terá esa consideración a Mesa presidencial.

10 No Consello Nacional, a Executiva Nacional.

11 No Secretariado Federal, a Executiva Nacional.

12 Na Executiva Nacional, o Secretario/a Nacional.

13 **Artigo 52.-** Poderán presentarse outras candidaturas, co mesmo requisito de composición, cando vaian  
14 avaladas cando menos por un número de membros do órgano elector igual ao 150% do número de postos  
15 que cubrir.

16 **Artigo 53.-** A composición do órgano elixido resultará da proclamación dos membros da lista única ou, se  
17 é o caso, da adscripción dos membros de cada lista presentada en proporción directa aos votos acadados.  
18 Para estes efectos, redondearase por defecto as fraccións até 0,49 e por exceso as superiores e, en caso  
19 de empate, será proclamado o candidato ou candidata da lista que máis votos totais obtivese.

20 **Artigo 54.-** Será en todo caso de aplicación directa o procedemento electoral regulado nos artigos  
21 anteriores nas eleccións que correspondan realizar polo Congreso e polo Consello Nacional, e de aplicación  
22 supletoria para os demais casos.

23 Non obstante, será igualmente obrigado en todos os casos cando se presente polos seus promotores  
24 cando menos unha candidatura en lista pechada.

25 **Artigo 55.-** Cando por aplicación do previsto no artigo 49 se prevexa un procedemento electoral  
26 específico que implique a posibilidade de presentación de candidaturas abertas, a lista deberá conter  
27 cando menos un número de membros igual ao de postos que cubrir e a votación efectuarase na papeleta  
28 por un número máximo de candidatos ou candidatas igual ao 75% dos postos que cubrir, resultando  
29 proclamados aqueles ou aquelas que obtivesen o maior número de votos; en caso de empate, será  
30 proclamado o candidato ou candidata con maior antigüidade na afiliación.

31 **Artigo 56.-** No caso das listas pechadas, as vacantes que se poidan producir serán cubertas polo  
32 candidato ou candidata seguinte da mesma lista. No caso de listas abertas, polo seguinte en número de  
33 votos.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

## 1 TITULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

2 **Artigo 57.-** Os recursos económicos da CIG–SERVICIOS estarán integrados por:

- 3 a) As cotas dos afiliados e afiliadas.  
4 b) As doazóns e legados a favor da mesma.  
5 c) As subvencións que lle poidan ser concedidas.  
6 d) Os ingresos por venda de publicacións.  
7 e) Calquera outro obtido de acordo coa Lei e estes Estatutos.

## 8 TITULO VI. SÍMBOLOS E IDIOMA

9 **Artigo 58.-** A CIG–SERVICIOS asume como propios os símbolos da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL  
10 GALEGA.

11 **Artigo 59.-** O anagrama é o que corresponde ao deseño que se axunta a estes estatutos.

12 **Artigo 60.-** A CIG–SERVICIOS ten como única lingua a galega, defendéndoa como única lingua oficial de  
13 Galiza e asumindo o compromiso de contribuír á súa normalización.

## 14 TITULO VII. DA DISOLUCIÓN

15 **Artigo 61.-** A CIG–SERVICIOS disolverase cando así o acorde o Congreso en votación secreta e por  
16 maioría de 2/3 dos seus membros.

17 **Artigo 62.-** No acordo de disolución establecerase o destino dos bens que puideran resultar despois de  
18 atendidas as obrigas pendentes.

## 19 DISPOSICIÓN ADICIONAIS

20 **Adicional 1ª.-** Para os asuntos non regulados nos presentes estatutos rexeran os estatutos da  
21 CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG). A interpretación das presentes normas serán  
22 competencia da Consello Nacional da CIG–SERVICIOS. No caso de conflito poderá recorrerse ante a  
23 Comisión de Garantías da CIG.

24 **Adicional 2ª.-** O Consello Nacional dispón dun prazo máximo de dous meses para constituírse con  
25 tódolos seus membros, contado dende a data de celebración do Congreso.

26 **Adicional 3ª.-** As Seccións Sindicais da CIG Servizos rexeranse polas seguintes normas: 1º- A  
27 Sección Sindical é a estrutura organizativa básica da CIG-SERVIZOS. Está composta polo conxunto de  
28 afiliados e afiliadas na empresa ou centro de traballo.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 2º.- A Sección Sindical dotarase dun regulamento interno, onde deberán figurar os órganos de goberno, a  
2 composición destes, as súas normas de funcionamento, etc. , coa única limitación de non poder  
3 contradecir os estatutos da CIG-SERVIZOS, polo que terán que ser adverados pola Executiva Federal.

4 3º.- Os órganos de goberno da sección Sindical serán polo menos a Asemblea de Sección Sindical e a  
5 Executiva de Sección Sindical.

6 4º.- A Asemblea é o máximo órgano da Sección Sindical. Será convocada coa periodicidade que marque o  
7 regulamento da Sección Sindical, pola Executiva da Sección ou por un tercio da afiliación. A Asemblea será  
8 presidida polo Secretário ou Secretária, e elixirá a un responsábel de actas. A Asemblea elixe á Executiva,  
9 ao Secretário ou Secretária, aos Delegados/as Sindicais e de Seguridade, aos/as representantes da  
10 Sección Sindical, aos/as candidatos/as ás eleccións sindicais, á negociación colectiva e á política sindical no  
11 seu ámbito.

12 5º.- A Executiva da Sección Sindical é o máximo organismo na empresa entre asembleas. Os seus  
13 membros serán escollidos pola asemblea. A Executiva debe dar resposta aos problemas urxentes que se  
14 dean na empresa, remitir información á afiliación, e decidir sobre as cuestións que lle delegue a asemblea.

15 6º.- O Secretário ou Secretária de Sección Sindical é o cargo unipersoal elixido pola Asemblea, que  
16 representa publicamente a esta, convoca e preside as xuntanzas, e coordina o traballo.

17 7º.- Naquelas empresas con varios centros de traballo, poderanse constituir Coordinadoras. As  
18 coordinadoras de seccións sindicais coordinarán a acción sindical e a negociación colectiva.

## 19 **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

20 **Transitoria 1ª.-** ~~Tódalas Asembleas Comarcais electivas deberán realizarse non máis tarde do 31 de~~  
21 ~~decembro de 2006~~ 2010. Aquelas comarcas que teñan realizado as súas Asembleas electivas dentro de  
22 ~~ano 2005, así como as que se realicen dentro do ano 2006, non poderán realizar novos procesos~~  
23 ~~ordinarios ata despois de celebrado o V Congreso, con independencia de teren realizado o seu proceso~~  
24 ~~comarcal hai catro anos ou menos tempo.~~

25 **Transitoria 2ª.-** ~~O Consello Nacional aprobará as Normas polas que se regularán as Seccións Sindicais, e~~  
26 ~~que se incorporarán aos Estatutos no próximo Congreso da Federación.~~